


MEMORIA DE XESTIÓN

2018-2019





1. CARTA DO PRESIDENTE



CARTA INFORME DO PRESIDENTE DA COMISIÓN DE GOBERNO ANTE A ASAMBLEA DO PADROADO DA FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO

Trasalba, 29 de xuño de 2019

Como todos os anos, e xa van 37 andados, convocados por Don Ramón na súa propia casa, reunímonos, arredor do día de San Pedro, este ano o propio día da festa do patrón da parroquia, para tomar parte da festa na que recoñecemos o labor de toda unha vida de unha personalidade merecente de recibir o premio que a Fundación instituíu para ser entregado a quen contribuíu a cultivar, fomentar e espallar os valores arredor dos que xirou a vida e a inmensa obra de quen nos da nome. Ao tempo que aproveitamos para celebrar unha xuntanza do padroado da Fundación, na que tradicionalmente damos conta da xestión levada a cabo dende a celebración da festa do ano anterior e da reunión do padroado celebrada naquel día.

Estes últimos anos homenaxeamos, en 2017, a un oteriano insigne membro deste padroado, o prof. Carlos A. Baliñas, que, fiel aos seus principios, segue a estudar e traballar na obra de quen foi o seu mestre, e o pasado ano a unha institución histórica, a Coral de Ruada, á que o premio serviu como inicio da conmemoración do seu centenario, que se está a celebrar no presente 2019.

Para a edición deste ano, a Comisión de Goberno, na súa xuntanza de día 23 de marzo, acordou por unanimidade agasallar a unha muller “oteriana” e defensora da obra de Otero, que do mesmo xeito que este foi chamado xa en vida “patriarca” das letras galegas pola súa contribución intelectual, Luz Pozo Garza pode ser hoxe considerada como a decana das poetisas de Galicia e a máis fecunda e sublime delas, como vai poñer de relevo no acto central da festa de entrega do galardón a profesora María do Cebreiro, ou sexa María Rábade Villar.

Unha festa que, continuando o camiño que comezamos o pasado ano, volvemos a celebrar en sábado, porque, a pesares das adversas condicións climatolóxicas coas que o tempo nos obsequiou aquel 30 de xuño, a experiencia pareceunos positiva e a molladura pasadeira, ao que contribuíu o fermoso concerto que coa chuva como fondo ofreceunos a Coral de Ruada.

A Memoria que como presidente da Fundación teño a obriga de presentar na xuntanza que estamos a celebrar previa a Festa, artellada en forma de carta como o pasado ano, conta con informes da cada un dos membros da Comisión de Goberno que teñen responsabilidades específicas, que se unen a esta carta, e que serán explicitadas por cada un dos seus actores. Hai que considerar tamén que é costume que nesta xuntanza se dea conta das actividades dende a reunión anual de xuño, pero dende que é obrigada a celebración dunha xuntanza do padroado a finais de tódolos anos para aprobar as contas correspondentes ao exercicio económico corrente, a acta que se presenta no día de hoxe a aprobación, xa recolle as que foron realizadas entre o 30 de xuño de 2018 e o 22 de decembro, polo que nos imos a limitar ao período comprendido entre esta última xuntanza e a de hoxe. Porén, e para que quede constancia na Memoria Anual, o informe emitido polo secretario dará conta das actividades desenvolvidas a partires da data da xuntanza do 30 de xuño de 2018 ata a que hoxe estamos a celebrar. Non imos, polo tanto, facer unha exposición pormenorizada das actividades que xa coñecen os presentes, nin da participación da Fundación naquelas en que ten que ter presenza activa porque teñan unha significación especial de conmemoración da figura de Otero Pedrayo ou de calquera outro aspecto referente ó labor intelectual da xeración que é o símbolo da cultura galega do século XX. Por iso non vamos facer alusión ás visitas e a participación en actos protocolarios de obrigada presenza, como os producidos arredor do pasamento do noso padroeiro Xerardo Fernández Albor, tanto na esquela coa que comunicamos a luctuosa noticia,

coma na asistencia ás honras fúnebres, e xa en xaneiro a presenza institucional na presentación, na que tivo unha intervención, na súa calidade de presidente da Galaxia o padroeiro Antón Vidal Andión, da publicación que recolle as actas do simposio celebrado en setembro de 2017.

Dende a data da última xuntanza do padroado, seguimos facendo visitas protocolarias e de representación, coma a entrega do Premio Otero Pedrayo por parte da Deputación Provincial de A Coruña a Antía Cal e a María Xosé Queizán, que tivo lugar nas instalacións do Teatro Rosalía de Castro, e do que foi membro do xurado o secretario da Fundación, Afonso Vázquez-Monxardín, e outras de traballo por parte de varios membros da Fundación no Consello da Cultura Galega, no Museo do Pobo Galego e con outras institución de cara a traballos relacionados coa publicación de epistolarios de Otero con outros persoeiros da cultura galega: e neste capítulo quero deixar constancia do agradecemento á Fundación Penzol, propietaria do arquivo de Don Ramón por facilitarnos gratuitamente, como é natural por tratarse de dúas institución vencelladas, os arquivos que nos teñen enviado. De todo isto dará conta detallada o Secretario no seu informe.

Seguimos organizando actividades tanto en Trasalba como fóra de Trasalba. Este ano, ademais do Abril Oteriano, do que xa levamos celebradas varias edicións, e que este ano dedicamos ás relacións de Antón Fraguas con Otero e a Xeración Nós, puxemos en marcha a Peza do mes, do que xa se celebraron cinco actos. Participamos en outras actividades alleas, pero que estaban relacionadas con Otero Pedrayo, e estivemos atentos en todo momento aos eventos en que a figura e a obra de este fora considerada, como na Xuntanza Plenaria sobre o Centenario da Xeración Nós, convocada pola Consellería de Cultura e a Deputación de Ourense, celebrada no Centro Cultural Marcos Valcárcel de Ourense o 7 de marzo. De todo o anterior da cumprida conta o pormenorizado informe de Secretario da Fundación, Afonso Vázquez-Monxardín.

Noutra orde de asuntos, temos que nos referir á conservación e mantemento, tanto da casa e as instalacións, como das fincas que compoñen o patrimonio que legou Don Ramón e que temos a obriga de manter en óptimas condicións. Atendeuse á limpeza das fincas, ao coidado das vides que o ano pasado se plantaron, que presentan un estado satisfactorio, e que pronto van necesitar as trabes para formar as parras; e fixéronse as obras necesarias para subsanar avarías, como a goteira que tivemos na galería, que nos descubriu a necesidade urxente de substituír tellas rotas e dar solución ás deficiencias observadas. Tíñamos previsto que para o día de hoxe estaría instalado o velux do tellado da nova oficina, pero un erro na subministración do material preciso para a obra fixo que sexa necesario adiar os traballos, que deberían estar rematados xa, e que se levarán a cabo ao longo deste verán. Todo isto sen prexuízo do informe do arquitecto, que figura a continuación.

Esta Memoria, que comeza con este informe a modo de carta de presentación, contén asemade os seguintes documentos:

- Informe do Secretario.
- Informe do Arquivista Bibliotecario.
- Carta informe do Presidente da Asociación de Amigos.
- Informe do Tesoureiro.

A análise da cada un dos documentos que compoñen a Memoria correspóndelle aos seus respectivos autores, que poderán facer as aclaracións que se soliciten e que se consideren necesarias. Pola miña parte non teño nada concreto, que engadir ao que figura en tais documentos, pero, como consta de maneira clara na Memoria Económica anual que se presenta a consideración na xuntanza de hoxe, quero poñer de manifesto, como todos os anos, que a

Fundación soamente se pode soste coas axudas que achegan as institución que están representadas e forman parte de este padroado: a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, coa que asinamos un convenio por valor de 8000 €, e a través de Dirección Xeral de Políticas Culturais, coa que tamén asinamos un convenio por valor de 18000 €; e temos recibida xa comunicación da Deputación Provincial dando conta da concesión dunha subvención do mesmo importe da do ano pasado, a cal xa está tramitada, xustificada e só pendente de ingreso da parte que nos falta por percibir. A todas elas o agradecemento meu e da Fundación pola súa contribución ao funcionamento e sostemento desta casa, así como ás demais institucións que están atentas ás nosas posibles necesidades, cunha mención especial para o concello de Amoeiro, sempre disposto a axudarnos con medios humanos e materiais.

Hai que facer mención dos ingresos obtidos por medio de vendas na tenda, e da distribución de libros, capítulo no que hai que mencionar a venda de libros a Deputación Provincial por importe de 11000 €. Temos que engadir, como vimos recordando tódolos anos, que necesitamos un gasto de polo menos 60000 € para manter a casa aberta, que este ano terá que incrementarse para facer fronte ás necesidades de conservación e mantemento da casa ás que antes fixen alusión, e a urxencia de comezar a musealización, que hai que encetar coa preparación do cuarto que ocupaban anteriormente as oficinas. Porén, eu síntome optimista no senso de que, entre todos, seremos quen de acadar unha xestión satisfactoria.

E só me resta expresar o meu agradecemento, ademais de ás institucións que antes mencionei, a todos os que de algún xeito contribúen a manter e coidar este lugar de Trasalba, que eu gusto de considerar como un recuncho ourensán que simboliza a Galicia universal e a cultura galega do século XX. Aos membros do padroado pola confianza que teñen depositada en nós, a Comisión de Goberno, cuxos integrantes, nomeadamente os que teñen o seu domicilio en Ourense, por razón de proximidade, axudan a gobernar para levar a bo porto o barco da Fundación. A todos os que desinteresadamente ofreceron o seu traballo, non só nas nosas actividades senón tamén aos que contribuíron a Festa que imos celebrar a continuación, especialmente como tódolos anos ao padroeiro Manuel García Vázquez “Buciños”, autor do “Ramonciño” que lle imos entregar a Luz Pozo Garza. E remato co agradecemento a Susana González, Susi, verdadeira guardesa e ama de chaves desta casa, atendendo o día a día e facendo o labor de guía das visitas e administrando a tenda.

E remato subsanando un esquecemento da reunión do pasado mes de decembro: solicitar que conste en acta o sentimento do padroado polo pasamento de Xerardo Fernández Albor, membro histórico de mesmo dende a súa constitución, e que así se lle faga saber á familia.

Gracias pola vosa presenza e atención. Un saúdo cordial.

Juan Luís Saco Cid, Presidente da Fundación Otero Pedrayo.